

## ACTIVIDADE TRATAMENTO:

### 15. CONCURSOS, PREMIOS E CONDECORACIÓNS

## RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

[pdcp@parlamentodegalicia.gal](mailto:pdcp@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono: 981 551 300

## DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D<sup>a</sup> María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: [dpd@parlamentodegalicia.gal](mailto:dpd@parlamentodegalicia.gal)

## BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPD).

Consentimento do interesado ou interesada (art. 6.1.a. do RXPD).

No seu caso, bases reguladoras dos premios e concursos e condecoracións.

## **FINS**

Xestión das actividades relacionadas co desenvolvemento dos concursos e premios convocados polo Parlamento de Galicia, e co outorgamento de condecoracións.

## **CATEGORÍAS DE INTERESADOS**

Participantes nas actividades relacionadas co desenvolvemento dos concursos e premios convocados. Persoas físicas propostas para que se lles outorgue unha condecoración.

## **CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS**

*Datos persoais:* Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, enderezo electrónico, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade.

*Datos económicos e de seguros:* datos bancarios. Garantías. Retencións tributarias.

Imaxes.

## **DESTINATARIOS**

Os datos das persoas beneficiarias nos concursos, premios e condecoracións celebrados no ámbito de actividades do Parlamento de Galicia poderán ser publicados na páxina web do Parlamento de Galicia.

Nas circunstancias que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancaria na que dispón conta o interesado e, no seu caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

## CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos persoais das persoas participantes conservaranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión e esta resultara procedente.

## MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

**Avaliación de risco:** As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

**Responsable de seguridade TIC:** Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

**Procedementos e sistemas de seguridade:** conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.